

CERTAME GALEGO DE FOTOGRAFÍA E AUDIOVISUAIS ESPELEOLÓXICOS



FOTOArtís

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE



caixanova

CERTAME GALEGO DE FOTOGRAFÍA E AUDIOVISUAIS ESPELEOLÓXICOS

Dentro dos actos do 25 Aniversario da Federación Galega de Espeleoloxía (F.G.E.), e con motivo da celebración do **I Congreso Galego de Espeleoloxía**, convócase este Certame de acordo coas seguintes

B A S E S

Poderán concursar, de forma gratuíta, tódalas persoas que figuren inscritas no I CONGRESO GALEGO DE ESPELEOLOXÍA, menos os integrantes da súa Comisión Organizadora e os membros da Xunta Directiva da F.G.E.

As modalidades das obras a concursar son: **FOTOGRAFÍA EN COR E AUDIOVISUAL**, e os temas, espeleoloxía en xeral, e descenso de canóns ou barrancos.

Admitiranse un máximo de 3 obras por autor para fotografía, e 2 para audiovisual, tendo que ser inéditas e orixinais. Non poden concursar as obras presentadas a outros concursos ou exposicións. As obras serán cedidas, por un tempo de dous anos, á F.G.E., para o seu arquivo documental.

FOTOGRAFÍA EN COR: presentaranse en papel de tamaño máximo de 30 x 40 cm. e mínimo de 24 x 30 cm., sen montar, en calquera tipo de soporte ríxido ou cartolina.

AUDIOVISUAL: en soporte CD ou DVD, para formato lexible por DVD doméstico, cunha duración máxima de 15 minutos.

As obras deben enviarse, debidamente protexidas, á dirección postal do I Congreso Galego de Espeleoloxía. Apartado de Correos, 448 – 15080 A Coruña., indicando no sobre: REF CERTAME. No dorso de cada fotografía figurarán o título e o nome do lugar onde foi realizada, e nos audiovisuais soio o título e a duración. Dentro de un sobre pechado incluíranse os datos do autor: nome, DNI, domicilio, club ou entidade á que pertence, e correo electrónico, se dispón del, e no exterior do mesmo sobre, os títulos das obras.

Establécense, segundo as modalidades, os seguintes PREMIOS:

FOTOGRAFÍA EN COR

Á mellor imaxe espeleolóxica:	150 €e Placa XUNTA DE GALICIA.
Á mellor instantánea en descenso de canóns:	150€e Placa CAIXANOVA.
Á mellor fotografía espeleolóxica ou de descenso de canóns en Galicia:	200 €e Placa da F.G.E.

AUDIOVISUAL

Á mellor montaxe:	100 €e Placa CONCELLO O BARCO.
-------------------	--------------------------------

Dous accésit, un ó mellor guión e outro á divulgación da protección do medio subterráneo, cada un dotado de 50 € e material fotográfico donado por FOTO ARTÚS.

No se poderán dar dous ou máis premios a un mesmo autor, e cada un dos galardoados cederá os dereitos de publicación e reprodución da obra á F.G.E., que citará sempre o nome do autor. As obras premiadas serán propiedade da F.G.E.

O prazo de admisión das obras finaliza o **10 de setembro de 2006**.

Un Xurado composto por tres persoas relacionadas coa fotografía e o audiovisual, e mais coa espeleoloxía, elixirá as obras premiadas. O seu fallo será inapelable, e poderase declarar deserto calquera premio se as obras non reúnen unha calidade suficiente.

Con 40 fotografías seleccionadas realizarase unha primeira mostra, que estará aberta ó público na Sala de Exposicións de Caixanova, na Rúa Marcelino Suárez, nº 15, de O Barco de Valdeorras, do 1 ó 15 de outubro de 2006, e a súa clausura e a entrega de premios coincidirán coa do I Congreso Galego de Espeleoloxía.

A participación no certame supón a aceptación destas bases.